

## ÁMBITO

|                      |                        |
|----------------------|------------------------|
| Localidade           | Boimorto               |
| Comarca              | A Montaña              |
| Lugar de realización | Local social de Brates |

## ASISTENCIA

|   |    |
|---|----|
| Nº Asistentes (no momento de maior participación) | 14 |
| Nº de non militantes asistentes                   | 9  |
| Nº de militantes convocad@s                       | 3  |

## DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso*

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| A nivel local                      | Xosé L. Rivas Cruz / Iria Carreira (para tomar acta) |
| Representante do Consello Nacional | Xosé L. Rivas Cruz                                   |

## NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

|   |  |
|---|--|
| Duración aproximada da reunión                                  | 2h 30min   |
| Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) | Clásica, disposición en círculo ó redor dunha mesa |

## VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

A xuntanza mantivo un ambiente distendido e houbo unha alta participación das asistentes. A valoración xeral foi de satisfacción, tanto coa asemblea coma co inicio do proceso Adiante. Manifestouse a necesidade de que este tipo de reunións teñan continuidade no tempo para facilitar os debates, a reflexión e que xurdan novas ideas.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Situación actual do País.  
Eivas do nacionalismo galego.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Aspectos a mellorar

Con carácter xeral:

- Concordouse en que Galiza está nunha situación de crise nacional e que é urxente derrotar ó PP para que haxa posibilidades de recuperación.
- Sinalouse que a soberanía de Galiza é central para abordar as cuestións que afectan ás e ós galegos, pero que nos últimos tempos o BNG perdeu a capacidade de conectar coa xente que tiña hai anos.
- Manifestouse tamén un claro escepticismo de cara a forzas estatais, nas que tampouco está a solución dos nosos problemas. Ditas forzas non teñen interese nas cuestións que afectan ás e ós galegos.

### Radiografía da Galiza de hoxe

- A idea máis recorrente foi a de que Galiza está nunha situación de emerxencia nacional e que cómpre tomar medidas o antes posible.
- Tamén saíron á luz cuestións como a falta de oportunidades para a mocidade, a emigración, o avellentamento da poboación, o declive dos sectores produtivos, o desemprego, etc.

### Estratexia política do nacionalismo galego

- Concordouse en que no BNG debe haber unha maior apertura no diálogo, fomento da participación de novas persoas nos debates.
- Fíxose fincapé na importancia da soberanía para facerlle fronte ao declive dos sectores produtivos.
- Con todo, débese evitar caer no discurso de exaltación nacional, deixando de lado os problemas que realmente preocupan á poboación. É preferible centrarse a nivel discursivo en cuestións sociais e mesmo económicas que a xente si poida comprender de xeito máis directo. Deste xeito, a cuestión nacional será máis facilmente asumible e cobrará sentido como un aspecto dun todo.

### Participación política e modelo organizativo

Propostas e ideas:

- Mellorar a forma de dar a mensaxe: menos agresividade, uso da lingua do común, optimismo, evitar os discursos "para eruditos", non obsesionarse tanto coa corrección lingüística, usar o humor.
- Fomentar a participación das militantes e tamén das integrantes das Asembleas Abertas (simpatizantes).
- Non ter medo de dialogar con xente que non comparte as nosas ideas e estratexia política para ir dando a coñecer a nosa mensaxe.
- Intentar que a mensaxe do BNG sexa máis pedagóxica. Moita xente non apoia o BNG porque o asocia a discursos complicados e "sentimentalistas", en lugar de asocialo a cuestións que nos afectan no día a día e que non deberían ser tan difíciles

**PROPOSTAS PARA O DEBATE**

de explicar.